



FACULDADE DE HUMANIDADES

P5023112 Trabajo Fin de Máster
MÁSTER UNIVERSITARIO EN SERVIZOS CULTURAIS
Curso académico 2019-20

Recomendación previa

O alumno ou alumna pode consultar a *Normativa do Traballo Fin de Máster en Servizos Culturais* no seguinte enlace: <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/humanidades/descargas/NORMATIVA-DO-TFM-EN-SERVIZOS-CULTURAI-APROBADA-CONSELLO-DE-GOBERNO-18-10-2017.pdf>.

Sentido da materia no plan de estudos

O TFM (12 créditos ou 6 créditos), en tanto que última materia que cursa o alumnado antes da obtención do título, debe reflectir os coñecementos adquiridos tanto a nivel de contidos coma metodolóxicos. Se os estudos de posgraο constitúen unha das etapas formativas máis elevadas nos estudos universitarios e tendo en conta que para cursar esta materia o alumnado debe ter superada a totalidade dos créditos que conforman o plan de estudos do Máster en Servizos Culturais, cabe agardar que na realización dos traballos académicos presentados para superar a materia así como na súa lectura e defensa pública, o alumnado amose o coñecemento, rigor científico e analítico esperable no seu nivel académico.

Neste contexto, a especificidade do TFM da liña investigadora (12 créditos) consiste na súa condición de traballo de iniciación á investigación. Esta circunstancia obriga a que a súa extensión sexa maior pero tamén a que dispoña dun maior aparato crítico, de acordo coas convencións do ámbito de investigación en que se insira.

Obxectivos da materia

A finalidade da materia Traballo Fin de Máster consiste en que o alumno ou alumna elabore un traballo orixinal no que se acrediten as destrezas e os coñecementos adquiridos durante os estudos realizados na titulación. O traballo, que deberá defenderse unha vez que estean todas as materias superadas, estará orientado á avaliación das competencias asociadas ao título. Tales competencias están recollidas no apartado 3 da memoria de verificación correspondente http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/memorias_master_USC/P5023_Servizos_Culturais_memoria_2015_def.pdf

O TFM debe ser, por tanto, un traballo orixinal e versar sobre un tema relacionado con algunha das materias que se cursaron no título. Segundo se recolle no artigo 4 do Regulamento do TFM do Máster en Servizos Culturais o traballo incluirá, como mínimo, as seguintes tarefas: busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción, presentación e defensa.

Competencias

Trala realización do TFM o alumnado debe acadar, como mínimo, as seguintes competencias de entre as establecidas na Memoria do Máster en Servizos Culturais:

BÁSICAS E XERAIS

CB1 - Capacidade de manexar eficientemente a información procedente de distintas canles para a produción de coñecementos relacionados co ámbito da cultura.

CB2 - Capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos na detección e resolución de problemas nos contextos específicos do seu ámbito profesional.

CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.

CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.

TRANSVERSAIS

CT2 - Capacidade de autonomía no traballo con responsabilidade e iniciativa

CT1 - Aplicación do pensamento analítico, crítico, lóxico e creativo, demostrando dotes de innovación

CT4 - Transmisión da información e ideas en público de xeito claro e efectivo

CT5 - Habilidade na comunicación escrita e oral

CT8 - Capacidade de análise y síntese (saber analizar, sintetizar y resumir la información recibida)

CT11 - Capacidade crítica e autocrítica (ter capacidade para valorar e discutir o propio traballo)

CT13 - Capacidade para o uso das tecnoloxías da comunicación e a información

ESPECÍFICAS

CE32 - Capacidade para establecer unha valoración crítica das diversas actividades que se levan a cabo en contornas reais de xestión cultural

CE33 - Adquisición da capacidade de planificación necesaria para o deseño de proxectos de xestión cultural

Os alumnos e alumnas que realicen o traballo na súa dimensión investigadora (TFM de 12 créditos) adquirirán, ademais, as seguintes dúas competencias específicas:

CE34 - Adquisición dos rudimentos precisos para a elaboración dun traballo de iniciación á investigación.

Adxudicación de liña temática a cada alumno ou alumna para a elaboración do TFM

O tema concreto do TFM debe adecuarse á oferta de liñas temáticas vixente no curso académico 2019-2020. Previa solicitude, a cada estudante adxudícaselle un titor ou titora, quen á súa vez determina unha oferta de liñas temáticas en que pode dirixir o traballo do alumno ou alumna. Posteriormente, o/a estudante, coa orientación do titor/a, delimita o título

do TFM e elabora un resumo, que deben ser aprobados pola Comisión Académica do Máster. A oferta de liñas temáticas e titores/as para o curso 2019-2020 está dispoñible en http://www.usc.es/gl/centros/humanidades/modules/destacados/news_0003.html.

Modificación da liña temática escollida para a elaboración do TFM

De modo excepcional, o/a estudante e/ou o/a titor/a poderán solicitar a anulación da asignación do TFM, ou o cambio de proxecto baixo a mesma ou diferente dirección, mediante escrito razoado remitido á Comisión Académica do Máster (en diante CAM) e presentado na Secretaría da Facultade de Humanidades. A CAM analizará o caso e, se procede, realizará unha nova asignación.

No caso de que un/unha alumno/a, por impedimento administrativo ou causa de forza maior debidamente acreditada, non poida defender o seu TFM en ningunha das oportunidades do curso académico no que realizou a matrícula, poderá solicitar que a asignación de liña temática e titor ou titora se prorrogue por un curso. En ningún caso se prorrogará un TFM máis dun curso académico. Esta prórroga da asignación non implica unha prórroga da matrícula, de xeito que o/a estudante deberá realizar unha nova matrícula cando corresponda.

Outras modificacións do TFM: resumo e título

Segundo se recolle no artigo 10 da Normativa de TFM do título de Máster Universitario en Servizos Culturais, o/a estudante poderá solicitar modificacións menores (axustes no resumo do traballo e matizacións no título) mediante escrito razoado dirixido á CAM ata 30 días naturais antes do comezo do período de solicitude de defensa marcado no calendario anual de TFM do Centro. A CAM será a encargada de aprobar, de ser o caso, as modificacións solicitadas.

Idiomas de redacción e defensa do TFM

De acordo coa memoria de verificación do Máster, o alumno ou alumna poderá redactar e defender o seu TFM en calquera dos idiomas que se utilizasen na docencia do título.

Extensión do TFM: orientacións profesional e investigadora

A extensión do TFM de orientación profesional será de entre 7.500 e 12.000 palabras, excluídos os apéndices.

A extensión do TFM de orientación investigadora será de entre 10.000 e 18.000 palabras, excluídos os apéndices.

Estrutura do TFM: parte escrita

O TFM deberá incluír na súa estrutura os seguintes elementos, diferenciados con claridade a través de epígrafes ou subepígrafes:

a) Portada, na que deberán aparecer todos os datos identificativos do traballo: o logo da USC coa indicación da Facultade; a denominación do Máster; o título do traballo; o nome completo do/a autor/a e do/a titor/a e o curso académico correspondente.

- b) Primeira páxina, que reproduce a portada, coa sinatura do/a graduando/a.
- c) Índice paxinado.
- d) Introducción.
- e) Contidos / Desenvolvemento.
- f) Conclusións.
- g) Bibliografía consultada¹.
- h) Apéndices (se os hai).

Metodoloxía do ensino

Segundo se explica no § 5.1 da Normativa, o TFM debe ter unha dirección por parte dun titor ou titora, que asistirá o alumnado durante o proceso de realización do traballo e autorizará, finalmente, a súa defensa. Alumno ou alumna e titor ou titora establecerán un calendario de reunións concreto que se prolongará entre o momento en que se inicie a titorización e ata a data de entrega do traballo. A coordinación do Máster achegaralle ao alumno ou alumna un calendario modelo de reunións que, convenientemente adaptado a cada circunstancia, poida servir como base para organizar traballo de cada titorando e titoranda.

É RESPONSABILIDADE DO ALUMNADO:

- Asistir ás sesións de traballo concertadas coa dirección.
- Desenvolver o traballo conforme á planificación acordada coa dirección e, de non ser así, xustificar as desviacións.
- Atender ás indicacións da dirección.
- Tomar a iniciativa na resolución de problemas.
- Cumprir cos prazos, requisitos formais e de presentación establecidos na normativa e nesta guía docente.

É RESPONSABILIDADE DA DIRECCIÓN:

- Reunirse co alumnado nas ocasións acordadas.
- Aconsellar o alumnado sobre as cuestións relativas á realización do traballo.
- Advertir ao ou á estudante cando o progreso do TFM estea por debaixo do estándar esperado e aconsellarlle sobre o modo de resolver o problema.
- Emitir o informe preceptivo

Procedemento de avaliación do TFM: parte escrita (75% da cualificación)

Unha vez rematado o TFM e dentro dos prazos establecidos para a convocatoria que se escollese (oportunidades de febreiro, xullo ou setembro), o alumno ou alumna achegará á Secretaría da Facultade tres copias en papel e unha en CD-ROM (formato pdf) do traballo asinado polo alumno ou alumna. O tribunal encargado da avaliación do TFM estará formado por tres profesores ou profesoras da USC de entre os que imparten docencia na titulación ou

¹¹ Atendendo ao que se indica no Artigo 4.1 desta mesma Normativa, todos os TFM, tamén os de orientación profesional, deberán evidenciar a consulta de fontes bibliográficas que permitan integrar os obxectivos formativos do TFM dentro dun ámbito de reflexión consolidado ou emerxente.

pertencentes ás áreas de coñecemento representadas no Máster. Un dos membros do tribunal, polo menos, pertencerá a unha área de coñecemento afín á liña temática xeral do traballo. Para a formación dos tribunais do TFM de orientación investigadora os membros do tribunal deberán ter o título de doutor.

Con anterioridade á reunión do tribunal avaliador do TFM, o titor ou titora elaborará un informe, que supoñerá o 25% da cualificación da parte escrita. Logo da sesión de defensa do traballo, cada un ou cada unha dos membros do tribunal elaborará o seu propio informe, e a media destes supoñerá o restante 75% da cualificación da parte escrita. Tanto a titorización como as persoas que formen parte do tribunal avaliador deberán ter en conta as seguintes porcentaxes para realizar a súa función:

-Cualificación do desenvolvemento do tema, manexo da bibliografía, método, manexo das fontes e achegas orixinais: 60%.

-Cualificación da presentación formal e da corrección lingüística: 15%.

Procedemento de avaliación do TFM: parte oral (25% da cualificación)

A defensa do TFM realizarase de forma pública e presencial² ante o tribunal e consistirá nunha exposición e unha quenda de preguntas e respostas. Na exposición, a/o estudante deberá presentar, nun tempo aproximado de 15 minutos para os TFM da orientación profesional e de 20 minutos para os TFM de orientación investigadora, as seguintes cuestións:

-Xustificación da escolla do traballo e liña temática.

-Breve resumo dos obxectivos, revisión bibliográfica e metodoloxía empregada.

-Principais logros do traballo.

-Posibles desenvolvementos futuros do traballo e da liña de investigación.

A cualificación desta parte da exposición oral será dun 10% do 25% previsto para esta parte.

A esta exposición seguirá unha breve quenda de valoracións, comentarios ou preguntas por parte de cada un dos membros do tribunal. Logo desta, o estudante ou a estudante deberá realizar unha defensa do seu traballo, consistente en contestar, nun tempo aproximado de 10 minutos, as cuestións indicadas por cada un ou cada unha dos membros do tribunal. O alumno ou alumna pode escoller a orde das respostas, así como entre a alternativa de contestar conxuntamente a varias das cuestións suxeridas ou de maneira individualizada.

A cualificación desta parte da exposición oral será un 15% do 25% previsto para esta parte.

Procedemento de avaliación do TFM: cualificación final e revisión

Tras as correspondentes deliberacións e visto e computado o informe do titor ou titora, o tribunal achegará a cualificación numérica que corresponda, de acordo coa seguinte escala numérica, de cero (0) a dez (10), con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado
- 0 - 4,9: Suspenso
- 5,0 - 6,9: Aprobado
- 7,0 - 8,9: Notable

² Agás aquelas situacións excepcionais contempladas no artigo 15.4 do Regulamento de defensa de TFM do MSC, en que se pode dar unha defensa utilizando medios telemáticos.

- 9,0 - 10: Sobresaliente

De acordo co artigo 16 da Normativa de Avaliación da USC a ausencia de orixinalidade do traballo e a súa condición de copia determinará que se atribúa a este a cualificación de Suspenso.

A cualificación final resultará da suma da cualificación do traballo escrito e a cualificación da presentación oral. A cualificación do traballo escrito (75% da nota final) obterase de aplicar a media aritmética entre as notas atribuídas á versión escrita do TFM por cada un dos membros do Tribunal e a nota proposta polo titor no seu preceptivo informe. A cualificación da presentación oral (25% da nota final) resultará de aplicar a media aritmética entre as notas atribuídas ao TFM por cada un dos membros do Tribunal.

Se o resultado da cualificación fose suspenso, facilitaráselle ao ou á estudante, con anterioridade á data fixada para a revisión da cualificación, un documento que conteña os motivos de tal decisión, xunto coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo de cara a unha nova convocatoria. Este informe farase chegar asimesmo ao titor ou titora

A mención de Matrícula de Honra (MH) poderá outorgarse a aqueles TFM que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o 5% do alumnado matriculado nesta materia no curso académico 2019-2020. Se o número de alumnos/as é inferior a 20, poderase conceder unha MH. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico.

Este sistema de avaliación será válido para as dúas oportunidades a que dá dereito a matrícula do TFM.

O alumnado ten dereito á revisión do TFM nas datas e horarios que para tal efecto se fixen no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión estarán comprendidas dentro dos sete días seguintes á publicación dos resultados. Contemplanse, de ser posible, dúas datas opcionais. A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso, deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou.

O procedemento de reclamación da cualificación será o establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións.

Tempo de estudo e traballo persoal precisos para superar a materia

Na memoria de verificación do Máster en Servizos Culturais atribúeselle a cada crédito un valor de 25 horas de traballo do alumnado, polo que ao TFM de orientación profesional e orientación investigadora (materia de 6 créditos) correspóndenlle 150 horas de traballo.

Calendario de prazos vixente na actualidade

- Solicitude de defensa:
Oportunidade de febreiro: do 3 ao 7 de febreiro de 2020
Oportunidade de xullo: do 22 ao 29 de xuño de 2020

Oportunidade de setembro: do 20 ao 28 de xullo de 2020

- Data límite de envío do informe do/a titor/a:
Oportunidade de febreiro: 10 de febreiro de 2020
Oportunidade de xullo: 30 de xuño de 2020
Oportunidade de setembro: 29 de xullo de 2020
- Defensa pública:
Oportunidade de febreiro: do 17 ao 21 de febreiro de 2020
Oportunidade de xullo: do 8 ao 15 de xullo de 2020
Oportunidade de setembro: do 7 ao 14 de setembro de 2020